Concello de Lugo

Gabinete de Comunicación

Nota de prensa

www.concellodelugo.gal
E-Mail: prensa@lugo.gal

Tel. 982 297 137
Tel. 982 297 150
Fax 982 297 104

Á atención de:

**TODOS OS MEDIOS DE COMUNICACIÓN**

Data:

22.10.21

# Lara Méndez presentará o libro 'Libres e Vivas' ao alumnado dos institutos para concienciar contra a violencia de xénero

**Xunto á alcaldesa, estarán a concelleira de Igualdade e os autores, que incidirán na necesidade de avanzar na igualdade e no rexeitamento de todas as violencia machistas.**

**O Goberno local reedita esta obra, que entregará aos estudantes neste acto.**

A alcaldesa de Lugo, Lara Méndez, presentará o libro 'Libres e Vivas' a alumnado de 4º E.S.O e 1º de B.A.C nun acto que se celebrará o 27 de outubro, ás 11.00 horas, no Auditorio Municipal Gustavo Freire, co obxectivo de "lanzarlles unha mensaxe de concienciación sobre a necesidade de erradicar a violencia machista desde idades temperás e dar a coñecer os recursos de prevención que están a disposición das mulleres", sostén a rexedora.

Xunto a alcaldesa estarán a concelleira de Muller, Silvia Alonso, o director da Editorial Galaxia, Francisco Conde, así como María López Sández e María Xosé Porteiro, dúas das autoras participantes do volume.

"Este libro aborda a cuestión do machismo, da igualade e do terrorismo patriarcal contra as mulleres", avanza a edil, que explica que a concellería asume a reedición de 2.000 exemplares, dunha obra escrita por importantes autoras galegas contemporáneas, que serán cos que se agasallen aos participantes do acto.

A Concellería pon en marcha esta actividade, na que a través da literatura pretende chegar aos máis novos e novas, "co obxectivo de avanzar no desexo da igualdade e no rexeitamento de todas e cada unha das formas de violencia contra as mulleres".

"Somos conscientes de que o cambio que todas e todos desexamos en materia de igualdade precisa da colaboración de todos os colectivos da sociedade, pero é moi importante dentro da comunidade educativa, xa que a grave situación da violencia de xénero non se resolverá sen a implicación e o compromiso e cambios na educación" apuntaba a Silvia Alonso.

Anxos Sumai, Berta Dávila, Charo Pita, Elisabeth Oliveira, Esther F. Carrodeaguas, María Canosa, María López Sández, María Xosé Porteiro, Mercedes Queixas e Paula Carballeira son as dez autoras dunha obra publicada pola editorial Galaxia que, desde diferentes puntos de vista, falan da igualdade e violencia machista.

Un saúdo,
GABINETE DE COMUNICACIÓN